



 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22

Santiago de Compostela



Camiño inglés
un paseo de
historia e vida

Santiago de Compostela



SANTIAGO DE COMPOSTELA FOI E É PUNTO DE ENCONTRO DE NUMEROSAS CULTURAS E POBOS E LUGAR DE INTERCAMBIO DE IDEAS E EXPERIENCIAS. SANTIAGO É UNHA CIDADE FEITA A MEDIDA DO CAMIÑANTE, AS SÚAS RÚAS E PRAZAS FORMAN UN CONXUNTO INIGUALABLE, HARMÓNICO E HOMOXÉNEO, ACENTUADO POLO EMPREGO DUN ÚNICO MATERIAL: O GRANITO. PEDRAS QUE, MODELADAS POLAS DIFERENTES CORRENTES ARTÍSTICAS, CREARON UNHA URBE MONUMENTAL SEN PARANGÓN, QUE FOI DECLARADA CIDADE PATRIMONIO DA HUMANIDADE POLA UNESCO EN 1985.

CIDADE COSMOPOLITA DENDE A IDADE MEDIA, NON SÓ POLA AFLUENCIA DE PEREGRINOS, CHEGADOS DENDE TODO O ORBE CRISTIÁN, SENÓN TAMÉN POLA SÚA AFAMADA UNIVERSIDADE, QUE CONTA XA CON MÁIS DE CINCO SÉCULOS DE VIDA. SANTIAGO DE COMPOSTELA É, ADEMAIS, A CAPITAL DE GALICIA.

Imprescindibles

A Praza de Cervantes



B San Martiño Pinario



C San Miguel dos Agros



D Convento das Clarisas




E Hospitalillo de San Roque



F Pazo dos Marquesses de Camarasa



A ruta



- 1 Praza de Cervantes
- 2 Rúa da Acibechería
- 3 Rúa da Troia
- 4 Rúa da Fonte de San Miguel
- 5 Rúa de Santa Clara
- 6 Rúa de San Roque
- 7 Rúa da Algalia de Arriba
- 8 Rúa da Algalia de Abaixo



Santiago de Compostela

Camino Inglés

SANTIAGO DE COMPOSTELA FOI E É PUNTO DE ENCONTRO DE NUMEROSAS CULTURAS E POBOS E LUGAR DE INTERCAMBIO DE IDEAS E EXPERIENCIAS. SANTIAGO É UNHA CIDADE FEITA A MEDIDA DO CAMIÑANTE, AS SÚAS RÚAS E PRAZAS FORMAN UN CONXUNTO INIGUALABLE, HARMÓNICO E HOMOXÉNEO, ACENTUADO POLO EMPREGO DUN ÚNICO MATERIAL: O GRANITO. PEDRAS QUE, MODELADAS POLAS DIFERENTES CORRENTES ARTÍSTICAS, CREARON UNHA URBE MONUMENTAL SEN PARANGÓN, QUE FOI DECLARADA CIDADE PATRIMONIO DA HUMANIDADE POLA UNESCO EN 1985.

CIDADE COSMOPOLITA DENDE A IDADE MEDIA, NON SÓ POLA AFLUENCIA DE PEREGRINOS, CHEGADOS DENDE TODO O ORBE CRISTIÁN, SENÓN TAMÉN POLA SÚA AFAMADA UNIVERSIDADE, QUE CONTA XA CON MÁIS DE CINCO SÉCULOS DE VIDA. SANTIAGO DE COMPOSTELA É, ADEMAIS, A CAPITAL DE GALICIA.

Partimos dende a céntrica e animada **praza de Cervantes** ¹, descendemos pola **rúa da Acibechería** ² e vemos unha pequena travesía chamada rúa de Xerusalén, na que nos adentramos. Por ela chegamos a un espazo bastante hermético, unha pequena praza

cunha oliveira, todo moi evocador, e que nos fai pensar que foi o lugar da antiga xudaría da cidade. Alí se atopa *Novaniké (Arts & Books)*, onde podemos encontrar os libros da Biblioteca para Misántropos, de poesía e ensaio. É un lugar ideal para a charla e a reflexión, deses que xa quedan poucos!

Volvemos sobre os nosos pasos para desviarnos cara á **rúa da Troia** ³, onde está a *CASA DA TROIA*, unha casa-museo que reflicte a vida universitaria a comezos do século XX, recollida nunha novela de certo éxito, publicada en 1915, e que logo foi levada ao cine en varias ocasións. Nela, o seu autor, Alejandro Pérez Lugín, «maxistralmente describiu o



PÁXINAS ANTERIORES Detalle de San Martiño Pinario, Gaiteiros

PÁXINA OPOSTA Peregrinos na Praza de Cervantes

DEREITA Rúa Xerusalén



sentimento das xuventudes universitarias», como reza unha das numerosas placas da súa fachada. Aínda hai xente que lembra a expresión que repetían os seus maiores cando había moito boureo nas casas: «a ver se acou-gades, isto parece a Casa da Troia», facendo alusión á vida disipada e un tanto «trouleira» que levaban os estudantes daquela.

No nº 8 da rúa da Troia a tenda [Acivro Xoias](#) ofrécenos orixinais e elegantes pezas maioritariamente de prata, xuntando a tradición



ARRIBA Antigüedades Folgar
ABAIXO Casa da Troia

coa modernidade. O seu escaparate reborda imaxinación, ao igual que as súas xoias, e sempre facéndolle unha chiscadela á cultura.

No nº 10 da **rúa da Fonte de San Miguel** 4, [Antigüedades Folgar](#), un dos establecements con máis anos de historia da zona, chama a atención polo heteroxéneo da súa oferta, que vai dende os vasos de Sèvres ata pezas de arte contemporánea: todo un gozo para os coleccionistas e amantes da arte en xeral. Entrar aquí é como facer unha viaxe no tempo, porque lembra os vellos gabinetes de antigüidades, que foron os precursores das actuais galerías de arte.

O noso paseo lévanos á praza de San Martiño, onde podemos contemplar un dos conxuntos monásticos máis grandes de España e a fachada da igrexa de [SAN MARTIÑO PINARIO](#), de traza renacentista e remates barrocos, que alberga no seu interior verdadeiros tesouros de talla e ebanistería dos grandes mestres dos séculos XVII e XVIII, como Mateo de Prado ou o arquitecto Fernando de Casas e Novoa. Os seus espléndidos retablos e espectacular cadeirado do coro fan de San Martiño Pinario un verdadeiro museo en si mesmo que nos permite, ademais, visitar as diversas coleccións das súas estancias rehabilitadas, coma a sancristía, o coro alto ou a vella botica.

Contemplando a fachada da igrexa, á man dereita, atópanse un local de hostalaría e unhas vivendas privadas que, segundo a documentación da época, ocupan o soar da que foi unha das sedes do Santo Oficio na cidade. Semella que aquí se sometía aos acusados de bruxería ás ordalías, terribles probas que debían superar para demostrar a súa inocencia. Os gallamoutos e berros dos case xa condenados espertaban e incomodaban aos monxes bieitos de San Martiño Pinario, que presentaron numerosas queixas por iso ante o Santo Oficio.

Na esquina, rúa de San Miguel nº 5, sitúase o [Museo da Maxia](#), un singular recuncho onde descubrir pezas históricas da arte da maxia de mans do ilusionista Kiko Pastur. No local



é posible adquirir algúns artigos de maxia ou recordos do propio museo, ao tempo que se pode asistir a un espectáculo ou participar nalgún dos seus obradoiros.

A pequena [IGREXA DE SAN MIGUEL DOS AGROS](#), de finais do século XVIII, sorpréndenos pola súa feitura, moi clásica, a súa esvelteza, os seus curiosos retablos polícromos, onde a madeira imita á pedra, e o seu órgano, que ás veces ofrece maravillosos concertos.

A apertura de novos establecements de hostalaría na zona, coma o [Hotel Gastronómico de San Miguel](#), o [Restaurante Casa Felisa](#) ou o [Hotel Costa Vella](#), permitiu poder gozar dos

ARRIBA San Miguel de Agros
PÁXINAS SEGUINTE Igrexa de San Martiño Pinario e rúa da Porta da Pena





descoñecidos e maravillosos xardíns que posuían estas propiedades e que antes nos eran accesibles ao público en xeral. É moi recomendable camiñar pola rúa Porta da Pena e tomarnos un tempo para descansar nas preciosas terrazas interiores dalgún deles e contemplar as camelias, magnolias, bambú, maceiras, limoeiros...

Saímos pola Porta da Pena, unha das sete portas que tiña a muralla, que servía de en-



trada ao Camiño Inglés, e dirixímonos pola rúa dos Loureiros ata a igrexa e o convento das CARMELITAS DESCALZAS, que foi a primeira fundación desta Orde en Galicia. Na súa fachada dispónse unha delicada imaxe pétreo da Virxe do Carme, atribuída a un dos grandes escultores do barroco tardío galego, José Gambino. Xusto en fronte, na **rúa de Santa Clara** 5 atopamos a curiosa fachada da igrexa e CONVENTO DAS CLARISAS, a fundación do cal remóntase ao século XIII, aínda que a obra barroca do insigne arquitecto Simón Rodríguez é a que nos deixa unha portada para a lembranza. Enriba dun nicho coa escultura da santa, remata o conxun-

to un enorme cilindro de pedra de varias toneladas, o cumio do barroco xeométrico compostelán, que creou escola.

Descendemos cara ao centro histórico pola **rúa de San Roque** 6 e no nº 27 atopamos a Confeitaría San Roque-Salón de Té, que leva aquí varias décadas. Tódolos seus produtos son frescos e artesanais. Hoxe en día poucos son os conventos de clausura que fan repostaría, pero ese vencello do barrio cos doces mantense aquí vivo.

A rúa de San Roque toma o nome da igrexa e o antigo HOSPITAL DE SAN ROQUE, fundado a finais do século XVI, cando grandes epidemias de peste arrasaban estas terras. Na fachada da igrexa podemos ver as imaxes de San Cosme e San Damián, patróns de Medicina. Cada 16 de agosto, a Corporación Municipal renova os votos a San Roque para



que nos siga protexendo. O interior posúe un tranquilo e sereno claustro renacentista.

Continuamos descendendo cara ao sur e atopamos na **rúa da Algalia de Arriba** 7, nome que provén dunha substancia oleosa e de olor acre que empregaban os perfumeiros noutrora. Ímonos atopar aquí co pequeno comercio moi especializado, como Vaka Louira (nº 46) con agasallos personalizados, impresión en 3D, gravados con láser e obxectos reciclados. Legumia (nº 42) unha pequena tenda con produtos de campo por xunto e que apostou pola calidade. Entre froitos secos, especias e produtos ecolóxicos de proximidade destaca, no local, a súa recuperada e rehabilitada lareira de pedra. Pola súa banda, A Tenda



PÁXINA OPOSTA, ARRIBA Hotel Costa Vella
PÁXINA OPOSTA, ABAIXO Xardín interior
ARRIBA Carmelitas Descalzas
ABAIXO Convento das Clarisas



de Iglesias (nº 36) mantén viva a tradición das tendas de ultramarinos e coloniais, que vendían produtos exóticos chegados de ultramar. Hoxe non só ofrecen produto fresco aos seus clientes do barrio senón que se converteron en verdadeiras tendas gourmet. No nº 43, pararemos un instante a refrescarnos e degustar as mellores cervexas artesás de Galicia en *La Atlántica Beer Shop*.

Na Praciña da Algalia de Arriba hai unhas terrazas que nos permiten tomar un aperitivo ou comer, coma o *Café-Teatro Garigolo*, un local de pedra e madeira cunha interesante axenda de actuacións e unha carta de cociña exótica e oriental. Case en fronte, a *Taberna Mariñeira Mamá Peixe*, especiali-

ARRIBA Confitería San Roque
ABAIXO Hospitalillo de San Roque

zada en peixe de primeira calidade das rías galegas e co distintivo de Bib gourmand da guía Michelin 2021.

A escasa distancia, no nº 27, *O Camiño Empeza Agora* ofrécenos un espazo singular, ocupando unha das arquitecturas civís máis vellas da cidade, e pensado como punto de encontro para peregrinos e viaxeiros; aquí gozaremos dunha esmerada selección do mellor da gastronomía, artesanía e literatura das comunidades polas cales discorre o Camiño Francés.

Ao longo de toda a rúa, sucédense pequenos comercios, antigos e modernos, sobre todo de moda e téxtiles, para tódolos gustos, talles e condicións, coma *Flora Infraganti*, *Aliche Moda*, *Tin Moda*, *Naftalina Vintage* ou *Sánchez*, moda home-muller. Como non podía ser doutro xeito, volvemos ver o traballo da prata e o acibeche no obradoiro *BS Artesanía* (nº 14), do ourive Breixo Beiroa. A «algalia» é unha substancia de



orixe animal, semellante ao almisce, que se empregaba na elaboración de perfumes e aceites na Idade Media. Hoxe xa non se usa pero no nº 3 da rúa Algalia de Arriba, *La Reina de Saba*, séguenos a deleitar coas súas fragancias e, por un módico prezo, levarémonos uns aromas moi parecidos aos da alta perfumaría. E se o noso é a cosmética natural e ecolóxica, deberíamos de visitar, no nº 13, *Amor Propio*.

Ao final da rúa, entramos pola **rúa da Algalia de Abaixo** ⁸ e, á altura do nº 26, pasamos polo imponente PAZO DOS MARQUESSES DE CAMARASA E CONDES DE AMARANTE, obra civil do século XVIII, hoxe en día con funcións administrativas, que agocha no seu patio traseiro un recolecto xardín público con camelias centenarias.

E rematamos a nosa ruta no nº 9 da praza da Algalia de Abaixo, onde *Susi Gesto Ourive* nos recibe no seu obradoiro de ourivería.



Trabállanse aquí o acibeche e os metais nobres de xeito tradicional e visible ao público, para que a visita ao obradoiro se converta, ademais, nunha experiencia memorable. Susi Gesto é unha mestra á hora de elaborar os «sapos», unhas imaxinativas pezas da xoiaría galega que complementan o traxe tradicional de gala. Compóñense de tres corpos independentes artellados entre si e probablemente teñan a súa orixe nos adornos empregados pola nobreza no século XVIII.

ARRIBA Pazo dos Marqueses de Camarasa
ABAIXO Galería modernista en Algalia de Abaixo

Moi preto

Parque e convento de Belvís

Dende o Mercado de abastos de Santiago de Compostela cruzamos a rúa da Ensinanza, onde atopamos o Colexio da Compañía de María, un convento barroco do século XVIII, fundado polo Arcebispo Raxoi co propósito de destinalo a colexio de señoritas nobres; popularmente coñecido como La Enseñanza, dando nome á rúa. Deseguido, descendemos pola rúa das Trompas, así chamada porque na Idade Media os heraldos do todopoderoso conde de Altamira anunciaban a súa chegada á vila tocando este instrumento, e descubrimos o amplo e espléndido PARQUE DE BELVÍS. Nel as súas hortas urbanas, o seu labirinto de

camelias e os seus privilexiados miradoiros -cuxas pérgolas, cheas de glicinias, florecen no mes de maio-, agasállannos cun dos espectáculos máis fermosos dos parques da cidade.

No alto destacan as imponentes moles do SEMINARIO MENOR e da IGREXA E CONVENTO DE BELVÍS, este último aínda habitado por unha congregación de monxas dominicas de clausura, os doces e as pastas da cal teñen fama mundial. A súa fundación data do século XIV e desta época conserva a imaxe da Virxe do Portal, á quen se encomendan as parturientes.



A Colexiata de Santa María A Real do Sar e a Cidade da Cultura

Dende a praza de Galicia continuamos pola rúa da Fonte de Santo Antonio e pasamos por diante da propia fonte, á cal as mozas en idade casadeira e sen parella viñan beber para encontrar futuro marido. Xusto en fronte, atopamos Auga e Sal, un restaurante recentemente galardoado con 1 Sol Repsol 2021, onde poderemos probar os seus menús degustación harmonizados cunha extensa proposta de viños.

Seguimos o noso percorrido e á altura do convento das Madres Mercedarias, descendemos polas rúas do Patio das Madres e do Castrón Douro cara ao barrio do Sar. Percorremos á inversa o último treito dun importante camiño de peregrinación, a Vía da Prata.

Ao chegarmos á rúa do Sar entramos nun dos barrios históricos máis importantes da cidade. Se o visitamos entre o 15 e 17 de agosto, durante as súas festas patronais, descubriremos o que é unha verdadeira festa tradicional galega. Neses días celébranse, sucesivamente, as festividades da Virxe María, de San Roque e de Santa Mariña.

PÁXINA OPOSTA Convento de Belvís

ARRIBA Colexiata de Santa María A Real de Sar



No nº 96 da rúa do Sar recíbenos Hello Cooking, toda unha experiencia gastronómica para gozar, coñecer e experimentar. Na súa librería especializada atopamos todo tipo de literatura e receitas gastronómicas; tamén podemos mercar utensilios e avíos de cociña, e participar dos seus cursos, charlas e xornadas gastronómicas. Os seus bonos ou experiencias gastronómicas son o perfecto agasallo para que os máis torpes no eido culinario deixen de selo.

Seguimos baixando pola rúa do Sar e, no nº 16, ábrenos as súas portas A Grileira, un obradoiro e tenda de instrumentos populares de Galicia. Xosé Lois Mouriño compaxina a súa faceta de músico coa de luthier.

E así, sen case decatarnos, chegamos ao corazón do barrio do Sar e a un dos monumentos románicos máis importantes de Santiago de Compostela, a COLEXIATA DE SANTA MARÍA A MAIOR E REAL. Situada estratéxicamente ao lado da Vía da Prata e ás beiras do río Sar, os frecuentes alagamentos fixeron que o firme da construción fose cedendo e que no século XVIII houbera que apuntalar a estrutura cuns xigantescos arcobotantes exteriores. Ao entrar no edificio chámannos poderosamente a atención a esaxerada inclinación dos piares e a sobriedade e esvelteza do templo.



Para deleite dos amantes da máis pura arte románica, conserva unha parte do antigo claustro e as súas dependencias gardan un pequeno museo con valiosas pezas da historia da cidade.

Se queremos continuar con este agradable paseo, cruzando o río Sar, podémonos achegar á [CIDADE DA CULTURA](#), un ambicioso proxecto do arquitecto americano Peter Eisenman que comeza no ano 1999. No monte Gaiás alzáanse os imponentes edificios, de pétreas cubertas onduladas e muros acristalados que albergan, entre outros, o museo, a biblioteca e o arquivo de Galicia, e cuxas arquitecturas non deixarán a ninguén indiferente. Así mesmo, temos a oportunidade de pasear polo Bosque de Galicia, a través dos seus cinco quilómetros de sendas, para ascender ata os espléndidos miradoiros e contemplar as mellores vistas de Compostela.

A igrexa e mosteiro do Conxo

Para chegar ao barrio do Conxo partimos dende a praza de Galicia, onde se atopa a [Galería Sargadelos](#) (esquina coa rúa Doutor Teixeiro). A visita supón entrar nun espazo expositivo único. Á parte de tenda, é un verdadeiro centro de arte moderna. Nos seus estantes facemos unha viaxe no tempo e volvemos ao século XVIII, cando Sargadelos nace en Cervo (Lugo) como a primeira siderurxia galega. É curioso que, décadas despois, se dedicase a algo tan delicado coma a porcelana por excelencia de Galicia, co seu azul cobalto que é un distintivo e marca de fábrica. Hoxe, ademais de enxoval cun dese-

ARRIBA Santa María do Conxo

ño actual, pero inspirado nas fondas raíces da cultura galega, ampliou as súas creacións artísticas a figuras, xoias, bultos, panos ou fragancias.

Continuamos camiñando pola rúa de Montero Ríos, a praza Roxa, a rúa de Frei Rosendo Salvado, a avenida de Vilagarcía e as rúas de García Prieto e de Sánchez Freire. O barrio do Conxo atópase na saída sur da cidade, que, así mesmo, é entrada dos peregrinos que veñen percorrendo o Camiño Portugués. O Conxo tivo concello propio ata que no ano 1925 quedou anexionado a Santiago de Compostela. As súas festas parroquiais celébranse en setembro e atraen a miles de veciños e turistas, que manifestan a devoción popular pola Nosa Señora da Mercede e por san Serapio.


Contan os máis vellos do lugar que, noutrora, cando saía a procesión de san Serapio dende a Catedral de Santiago ata o Conxo, ao pasar pola rúa do Franco, os fieis abandonaban rapidamente a comitiva para entrar nas numerosas tabernas e, nun abrir e pechar de ollos, beber unha refrescante cunca de «viño do Ribeiro»; por iso levaban os petos cheos de pequenas moedas para pagar rapidamente a consumición e non perder moito tempo antes de se incorporar outra vez á procesión. É doado imaxinar como chegaba a imaxe do santo á igrexa de Santa María do Conxo.

[A IGREXA E O CONVENTO DE SANTA MARÍA DE CONXO](#) son unha fundación do século XII vencellada a unha dama chamada Rosuida, que, para honrar a memoria do seu amante, asasinado durante a súa peregrinación a Santiago, ergueu unha pequena ermida que máis adiante se convertería en igrexa e mosteiro beneditino. A finais do século XV instalouse aquí a Orde da Mercede. Este conxunto monástico ofrécenos, como as súas máis exquisitas xoias, parte dun claustro románico e unha talla excepcional dun Cristo Crucificado, obra do gran mestre da imaxinería barroca castelá do século XVII, Gregorio Hernández.

Otras guías relacionadas



RUTA DO CAMIÑO FRANCÉS



RUTA DE FISTERRA



RUTA DA CATEDRAL



RUTA DO MERCADO



galicia